

DON JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO, SECRETARIO DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS, (Lugo)

CERTIFICA

Que a Xunta de Goberno Local na súa sesión celebrada o día 30 de agosto do 2021, adoptou entre outros o seguinte acordo:

39.- APROBACIÓN BASES E CONVOCATORIA BOLSA PROFESOR VIOLIN CONSERVATORIO.

Visto que o traballador Don Miguel Álvarez Fernández, solicita excedencia como profesor de violín do CMUS "MESTRE IBAÑEZ", e non contando con outro/a traballador/a da súas características que poida substituílo, e dadas as especiais características do servizo do que se trata no que poden producirse dilacións na prestación de asistencia ós seus usuarios ante o inminente comezo do curso 2021-2022, resulta necesario proceder a formación dunha bolsa de emprego de persoal laboral para a cobertura das eventuais vacantes, ausencias e acumulacións de tarefas que no indicado posto se poidan dar. Os chamamentos a realizar mediante lista de agarda poderán realizarse por xornada completa ou parcial, según proceda en casa caso.

E visto que por providencia desta concellería se ordenou que se redactasen as Bases polas que debería de rexerse a Convocatoria, con especificación do programa, probas e formas de cualificación, conforme dispón a lexislación vixente con tramitación urxente.

Polo que antecede, a Xunta de Goberno Local por unanimidade ACORDA:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación ás bases e convocatoria para a creación urxente dunha lista de agarda de profesor/a de violín para o Conservatorio Municipal "Mestre Ibañez", segundo do seguinte tenor literal:

"1.- OBXETO DA CONVOCATORIA

O obxecto da convocatoria é, a formación dunha bolsa de emprego de persoal laboral temporal, Grupo A2, para a cobertura das eventuais vacantes, ausencias e acumulacións de tarefas que no posto de profesor/a de violín do CMUS MESTRE IBAÑEZ se poidan dar.

Os chamamentos a realizar mediante lista de agarda poderán realizarse por xornada completa ou parcial, según proceda en casa caso.

A presente selección regularase polo previsto nas presentes bases e no non previsto nestes, polo establecido; no RD Lei 5/2015, de 30 de outubro, por el que se aproba o



Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, na Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto lexislativo 781/1986, de 13 de xuño; na Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia, no Real Decreto lexislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, no Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; Con carácter supletorio tamén se aplicará o Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no que non se opoña a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia; Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables.

2.—RETRIBUCIÓN

As previstas no cadro de persoal do orzamento vixente.

3.—REQUISITOS XERAIS QUE DEBEN ACREDITAR OS ASPIRANTES PARA PARTICIPAR NO PROCEDIMENTO SELECTIVO

Os aspirantes, deberán reunir, na data do remate do prazo para a presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

- a) Posuír a nacionalidade española ou a de calquera dos Estados membros da Unión Europea.*
- b) Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación.*
- c) Estar en posesión do título de:*
- d) Estar en posesión ou en condicións de obtelo título de Profesor/a Superior de Violín, Grado en Música, Profesor/a Superior de Música, na especialidade de Interpretación, itinerario violín ou análoga formación académica correspondente a dito instrumento, ou título equivalente de las ensinanzas artísticas superiores oficiais obtido conforme a planes de estudos anteriores. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá estarse en posesión da credencial que acredite a súa homologación, equivalencia ou con validación no seu caso.*
- e) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas asignadas ao posto.*
- f) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares as que*



desempeñaban no caso do persoal laboral, no que se houbera separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin haberse sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

g) Non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade sinaladas na lexislación vixente.

h) Ter ingresado na conta 2080 0126 20 3110000019 a nome do Concello de Monforte de Lemos a taxa por dereitos de exame por importe de 25'16 € previsto na ordenanza municipal reguladora da taxa para estudo, análise e expedición de documentos publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 294 do día 24 de decembro de 2010. En ningún caso o ingreso da citada contía suporá a substitución do trámite de presentación de solicitudes. So procederá a devolución do importe satisfeito polo aspirante cando por causas non imputables ó suxeito pasivo non teña lugar por parte do Concello a prestación, ou cando os ingresos se declaren indebidos por resolución ou sentenza firme ou se producise unha modificación substancial das bases da convocatoria.

Todos estes requisitos deberán cumprirse o último día do prazo de presentación de solicitudes. Será nulo o nomeamento como funcionario interino dos que estean incursos en causas de incapacidade específica conforme a normativa vixente.

4.—SOLICITUDES

As persoas que desexen tomar parte nas probas selectivas convocadas deberán facelo mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde do Concello de Monforte de Lemos. A instancia deberá de conter, polo menos, os datos persoais do solicitante coa súa dirección, a denominación da praza, achegando fotocopia do DNI en vigor, xustificante do pago da taxa esixida, así coma declaración xurada de contar con todos os requisitos esixidos nas presentes bases.

Aqueles aspirantes que estean aqueixados por unha minusvalía poderán incluír solicitude de adaptación dos lugares de celebración dos exames. Para este caso deberán de aportar certificación oficial da minusvalía que lles afecta, expedida polo órgano competente da Administración Estatal ou Autonómica.

O prazo para a presentación de solicitudes será de 5 días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación do extracto da convocatoria das presentes bases na páxina web municipal.

A presentación das solicitudes poderá facerse no rexistro xeral de documentos do Concello, ou en calquera das formas establecidas no art. 16 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común. Os aspirantes que non presenten as solicitudes directamente no rexistro xeral do Concello deberán comunicalo ó correo electrónico rrhh@concellodemonforte.com ou no fax 982404812 no mesmo día da súa presentación aportando xustificante da súa presentación.

5.—ADMISIÓN DE PARTICIPANTES



DOCUMENTO
FIRMADO
DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E50007BF6400B2W2V4R9H7S2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 30/08/2021
JOSE TOME ROCA-Alcalde - Presidente - 31/08/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 31/08/2021 08:34:30

DOCUMENTO: 20210507748
Fecha: 31/08/2021
Hora: 08:34

CSV: 07E50007BF6400B2W2V4R9H7S2



Rematado o prazo de 5 días hábiles o Sr. Alcalde ditará decreto aprobando a lista de admitidos e excluídos, para ser admitido as solicitudes dos aspirantes deben axustarse o disposto no apartado anterior é dicir, aportando:

- .- Fotocopia do DNI en vigor.*
- .- Xustificante do pago da taxa esixida*
- .- Declaración xurada de contar con todos os requisitos esixidos nas presentes bases.*

Do mesmo xeito, de resultar seleccionado/a un / ha aspirante que non acredite debidamente os requisitos esixidos nestas bases, (apartado terceiro) non poderá ser contratado e pasarase o seguinte aspirante que si os poida acreditar.

Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios da Casa do Concello de Monforte de Lemos e na páxina web municipal www.monfortedemos.es.

Posteriormente, convocarase as/as aspirantes para a realización das probas mediante a publicación no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na web municipal.

6.- TRIBUNAL CALIFICADOR.

O tribunal encargado de xulgar estas probas establecerase por Resolución da alcaldía e a súa composición publicárase a páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello.

Os seus compoñentes pertenceran en todo caso a un corpo, escala ou categoría profesional para acceder ó cal se esixa titulación igual ou superior á esixida para participar neste proceso.

Estará composto por cinco membros: un presidente, un secretario e tres vogais.

O tribunal quedará integrado, ademais, polos respectivos/as suplentes que serán designados xunto cos titulares.

Na composición do Tribunal respectarase o principio de composición equilibrada entre mulleres e homes.

Abstención e Recusación.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concorran neles circunstancias das previstas no art. 23 da Lei 40/2015 do 1 de outubro de Réxime xurídico do Sector Público, ou tivesen realizado tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria. O presidente poderá esixir dos membros do tribunal declaración expresa de non estar incurso nas circunstancias establecidas no citado artigo. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran ditas circunstancias, segundo o disposto no art. 24 desta lei.

Actuación do Tribunal.

O Tribunal constituirase na data que designe o Sr. Alcalde, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos seus membros titulares ou suplentes, con presenza, en todo caso, do Presidente e do Secretario. Na sesión



constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento das probas selectivas.

A partires da sesión de constitución, o Tribunal, para actuar validamente, requirirá a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, e axustará as súas actuacións en todo momento ao disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento Administrativo común das Administracións Públicas e ás bases xerais e específicas reguladoras da correspondente convocatoria.

O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes tódalas dúbidas e propostas que xurdan a carón da aplicación das normas contidas nestas bases xerais e nas específicas, e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante a realización das probas, así como para adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde naquelas en todo o que non estea previsto nas bases.

En caso de ausencia do Presidente titular e do Presidente suplente, actuará no seu lugar o vogal designado en primeira orde.

Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento Administrativo común das Administracións Públicas.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación ós seus traballos de asesores especialistas para as probas correspondentes dos exercicios que estimen pertinentes, limitándose os ditos asesores unicamente a presta la súa colaboración nas súas especialidades técnicas, con voz pero sen voto.

7.- PROCESO SELECTIVO. OPOSICIÓN

a) Primeiro exercicio.

Puntuación máxima (10) dez puntos.

Presentación dun programa a libre elección do/a opositor/a, integrado por tres obras ou movementos pertencentes aos estilos máis representativos da literatura do instrumento, todas elas publicadas. O opositor deberá aportar tres exemplares das partituras do seu programa ó tribunal.

O opositor interpretará as obras ou movementos que o tribunal seleccione de dito programa durante un tempo non inferior a 20 minutos nin superior a 25.

Previamente e de forma oral, breve e concisa, o/a opositor/a deberá contextualizar historicamente e sinalar todos aqueles aspectos ou características máis saliantables que considere resaltar das obras seleccionadas polo tribunal. Tempo máximo 5 min cada obra ou movemento.

O opositor/a aportará o instrumentista acompañante que necesite a obra. A falta de acompañante significará a exclusión do opositor do proceso selectivo. Non se permitirán medios electrónicos grabados que substitúan ao instrumentista acompañante.



Valorarase a interpretación das obras demostrando a capacidade técnica, dominio instrumental e rigor interpretativo, con coñecemento dos recursos estilísticos e rexistros expresivos do instrumento. O tribunal xulgará o rigor e a solvencia en parámetros como afinación, ritmo e calidade na produción sonora, así como os coñecementos musicolóxicos básicos das obras. Valorarase tamén o grao de cumprimento dos mencionados parámetros e o intere do programa escollido, asúa dificultade e variedade estilística e a súa representatividade en relación a literatura do instrumento.

*b) Segundo exercicio
Puntuación máxima (10) dez puntos.*

Desenvolvemento teórico-práctico dunha clase de violín dun curso específico das ensinanzas elementais ou profesionais de música. O/A opositor/a escollerá o curso concreto e deberá sinalar todos aqueles elementos e aspectos que considere necesarios para o desenvolvemento de dita clase, obxectivos, contidos, propostas metodolóxicas, actividades de ensinanza e aprendizaxe, criterios de avaliación, recursos necesarios,... Dispoñendo de 50 minutos para a súa preparación sen comunicación co exterior e de 30 minutos para a súa exposición e defensa diante do tribunal, incluído debate, se é o caso.

Para a exposición deste exercicio, permitirase utilizar o material auxiliar que se considere oportuno e que deberá achegar o aspirante. Así como un guión que non excederá unha páxina e que se entregará ao tribunal ao final da exposición. O material en xeral será aprobado previamente polo tribunal.

Valorarase a estrutura da clase, obxectivos da aprendizaxe, os seus contidos, viabilidade e efectividade práctica, uso pertinente das novas tecnoloxías, criterios e procedementos de avaliación, métodos de traballo e exposición.

Determinación da puntuación: Os exercicios que constitúen a fase de oposición terán carácter eliminatorio entre si e a súa cualificación determinarase polo Tribunal outorgando un máximo de dez puntos a cada unha deles, debendo obter polo menos unha puntuación de cinco puntos para superar cada exercicio.

A cualificación total obterase por suma das puntuacións obtidas en todos os exercicios, até un máximo de vinte puntos. A cualificación total obterase por suma das puntuacións obtidas en todos os exercicios, até un máximo de vinte puntos.

A orde de actuación naqueles exercicios que non poidan realizarse conxuntamente será o alfabético.

c) PROBA DE GALEGO

A proba estará dirixida a comprobar o coñecemento do idioma galego, polas persoas aspirantes da mesma, de xeito tanto oral como escrito, e que consistirá na realización dunha tradución dun texto, castelán- galego ou galego – castelán, proposto polo



Tribunal. O tempo máximo para a súa realización será de media hora. Esta proba cualificarase como apto ou non apto. Porén, ás persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega con carácter previo (anexo I, 4 da Orde do 16 xullo 2007, DOG do 30 xullo 2007, CELGA 4 ou equivalente) se lles dará por superada esta proba coa cualificación de apto.

D) CRITERIOS DE DESEMPATE

En caso de empate e non resultar aplicable o previsto pola lei de igualdade efectiva entre mulleres e homes procederase a desempatar mediante sorteo público.

8.- RESULTADO DO PROCESO SELECTIVO.

Rematado o proceso selectivo o tribunal propondrá a contratación do aspirante coa maior puntuación. Así como a creación da lista de agarda coa orde de prelación determinado polas puntuacións obtidas polos aspirantes de maior a menor.

9.- FUNCIONAMENTO DA LISTA DE RESERVA

A Bolsa de Traballo confeccionarase ordenada pola puntuación obtida polos participantes que superasen o correspondente proceso selectivo.

Debido á xeral urxencia das contratacións, o chamamento aos integrantes da Bolsa de Traballo realizarase por teléfono ou por correo electrónico conforme á información facilitada polos mesmos.

Aquelas persoas que, unha vez incluídas na Bolsa de Traballo, cambien os seus datos de localización, deberán comunicalo inmediatamente ao Concello, para os efectos da súa actualización.

Toda persoa incluída na Bolsa terá a obriga de aceptar a oferta de traballo, cando lle corresponda, de acordo co número de orde que ocupe na citada Bolsa.

O abandono inxustificado do servizo, así como o rexeitamento da oferta de traballo ou a non incorporación ao posto de traballo conlevarán automaticamente a exclusión definitiva da Bolsa de Traballo, salvo que concorra unha das seguintes circunstancias:

- Parto, baixa por maternidade ou situacións asimiladas.*
- Enfermidade grave que impida a asistencia ao traballo sempre que se acredite debidamente.*
- Exercicio de cargo público representativo que imposibilite a asistencia ao traballo.*
- Situacións de violencia de xénero.*
- Traballar noutra administración pública ou empresa privada..*

Unha vez finalizada a causa que dá lugar ás situacións relacionadas no apartado anterior, deberase comunicar no prazo máximo de cinco (5) días hábiles ao Concello, que ata esa notificación manterá ao candidato na situación de baixa temporal na Bolsa de Traballo.

Pola contra, se o candidato non realiza dita notificación no prazo indicado, resultará definitivamente excluído da Bolsa.



FIRMANTE - FECHA



Unha vez que o contratado iniciase a relación laboral non poderá renunciar ao mesmo, salvo cando concorra algunha causa debidamente xustificada apreciada libremente polo Concello ou se den as circunstancias anteriormente descritas. Dita renuncia, no caso de producirse, supoñerá a exclusión definitiva da Bolsa de Traballo.

No momento de ser chamado para formalizar a correspondente toma de posesión, o aspirante presentará a documentación a que fai referencia a base decimoprimeira.

No suposto de persoas con discapacidade, unha vez producido o chamamento, e con carácter previo á contratación, o aspirante deberá achegar certificado emitido polos órganos competentes da Xunta de Galicia acreditando a compatibilidade da súa discapacidade co desempeño das funcións propias do posto de traballo.

10- INTERPRETACIÓN

Para calquera dúbida que xurda na interpretación destas bases e no desenvolvemento das probas correspondentes estarase o que decida o tribunal por maioría de votos.

11- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS

O/a aspirante proposto/a para o seu nomeamento que se publicará na páxina web do Concello de Monforte de Lemos e Taboleiro de anuncios do Concello de Monforte de Lemos, nun prazo de dous (2) días hábiles , contados a partir do día seguinte ó da oportuna publicación presentará no rexistro de documentos do Concello de Monforte de Lemos a seguinte documentación:

-Fotocopia compulsada do DNI.

-Tarxeta Sanitaria.

-Copia autenticada do título esixido ou certificación académica de estudos realizados, con xustificante do abono dos dereitos para a súa expedición.

-Certificación médica acreditativa de non padecer enfermidade ou defecto físico que lle incapacite para o desenrolo do posto de traballo de que se trata.

-Declaración baixo a súa responsabilidade de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha Administración Pública, nin atoparse inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme, así como de non atoparse en ningún dos supostos de incompatibilidade previsto na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do personal ó servizo das Administracións Públicas.

- Así como calquera documentación acreditativa dos requisitos esixidos no apartado 3 que lle sexa solicitada polos servizos municipais.

De resultar seleccionado/a un / ha aspirante que non acredite debidamente os requisitos esixidos nestas bases, (apartado terceiro) non poderá ser contratado e pasarase o seguinte aspirante que si os poida acreditar.

CSV: 07E50007BF6400B2W2V4R9H7S2



DOCUMENTO
FIRMADO
DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E50007BF6400B2W2V4R9H7S2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO- Secretario - 30/08/2021
JOSE TOME ROCA- Alcalde - Presidente - 31/08/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 31/08/2021 08:34:30

DOCUMENTO: 20210507748

Fecha: 31/08/2021

Hora: 08:34



Así mesmo, quen dentro do prazo indicado, e salvo forza maior, non presente a documentación ou da mesma se dependera que non reúne algún dos requisitos esixidos, non poderá ser nomeado/a quedando anuladas tódalas actuacións do proceso selectivo, sen prexuízo da responsabilidade en que puidera/n haber incorrido por falsidade nas súas solicitudes de participación.

11-RECURSOS ADMINISTRATIVOS

As Bases da convocatoria, e cantos actos administrativos se deriven delas e da actuación do tribunal, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecida pola Lei 30/92, de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento común, modificada pola Lei 4/99.

Así mesmo a Administración Municipal poderá, no seu caso, revisar as resolucións do tribunal conforme ó previsto na citada Lei 30/1992, de 26 de novembro.

ANEXO I.- SOLICITUDE PARA TOMAR PARTE NO PROCESO SELECTIVO DA CONVOCATORIA PUBLICADA NO
NA DATA

I.- DATOS DA PRAZA QUE SOLICITO:

DENOMINACIÓN DO POSTO DE TRABALLO:

II. DATOS PERSOAIS:

PRIMEIRO APELIDO: **SEGUNDO APELIDO: NOME:**

HOME:

MULLER:

DNI: **TELÉFONO PARTICULAR:**

MÓBIL:

CORREO ELECTRONICO:

DOMICILIO PARA OS EFECTOS DE

CSV: 07E50007BF6400B2W2V4R9H7S2



DOCUMENTO
FIRMADO
DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E50007BF6400B2W2V4R9H7S2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 30/08/2021 JOSE TOME ROCA-Alcalde - Presidente - 31/08/2021 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 31/08/2021 08:34:30

DOCUMENTO: 20210507748
Fecha: 31/08/2021
Hora: 08:34



NOTIFICACIÓNS: MUNICIPIO E PROVINCIA: CÓDIGO POSTAL:

EXPOÑO:

Que acepto as bases da convocatoria.

Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria, do punto tres das Bases.

Así mesmo, manifesto que me foi recoñecida unha minusvalía polo que solicito a adaptación que se adxunta polos motivos que se expresan. (En folio aparte especificar os motivos da minusvalía e a adaptacións que solicita).

SOLICITO:

Participar no proceso obxecto da convocatoria citada, a fin de participar nas probas de selección correspondente.

....., a..... de.....de

Dado que prestei servizos neste concello como dende ata..... solicito se incorpore a este proceso selectivo concreto o meu certificado de servizos prestados.

(Asinado)

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

ANEXO II

Temario a ter en conta para o desenvolvemento dos exercicios a) e b):

Tema 1: A especialidade de violín na Comunidade autónoma de Galicia. Plan de estudos no grao elemental da LOE. Materias e tempos lectivos. Principios metodolóxicos e avaliación.

Tema 2: A especialidade de violín na Comunidade autónoma de Galicia. Plan de estudos no grao profesional da LOE. Materias e tempos lectivos. Principios metodolóxicos e avaliación.

Tema 3: A programación no grao elemental. Criterios didácticos para a selección do repertorio. Orientación do traballo. Técnicas de estudo.

Tema 4: A programación no grao profesional. Criterios didácticos para a selección do repertorio. Orientación do traballo. Técnicas de estudo.

CSV: 07E50007BF6400B2W2V4R9H7S2



Tema 5: Materias propias da especialidade de violín. A materia de conxunto e o seu currículo. Influencia no desenvolvemento integral do alumno.

Tema 6: Materias propias da especialidade de violín. A materia de música de cámara e o seu currículo. Influencia no desenvolvemento integral do alumno.

Tema 7: Materias propias da especialidade de violín. A materia de orquestra e o seu currículo. Influencia no desenvolvemento integral do alumno.

Tema 8: Toma de contacto co instrumento. Descrición das diferentes partes do instrumento e do arco. Control do son: relación co punto de contacto, velocidade e presión do arco. Formas convencionais e non convencionais de produción do son.

Tema 9: Principios básicos da técnica violinística: colocación e posición do corpo con respecto o instrumento. Mecanismo e función dos dedos e de cada articulación de ambos brazos. Descrición dos movementos básicos do brazo dereito. Coordinación de movementos de ambos brazos. Relaxación. Problemas máis comúns e a súa corrección..

Tema 10: Mecanismo do arco, golpes de arco a corda e saltados. Metodoloxía progresiva para a ensinanza dos diferentes golpes de arco.

Tema 11: O violín: Antecedentes e evolución histórica dende finais do S.XVI ata a actualidade. O violín moderno: características constructivas. Aspectos fundamentais na elección do instrumento.

Tema 12: O arco: Antecedente, evolución histórica dende a súa orixe ata os nosos días. Partes do arco e materiais. Mantemento e conservación. Aspectos fundamentais na elección do arco.

Tema 13: Historia das diferentes escolas violinísticas. Aportación o desenrrolo da técnica dos grandes violinistas a través da historia.

Tema 14: O Barroco: períodos e características xerais. Repertorio violinístico.

Tema 15: O Clasicismo: características xerais. Repertorio violinístico.

Tema 16: O Romanticismo: períodos e características xerais. Repertorio violinístico.

Tema 17: Características do estilo e escritura instrumental do repertorio romántico dos violinistas virtuosos: Paganini, Sarasate, Wieniawski, etc.

Tema 18: Post-romanticismo, Nacionalismo, Impresionismo. Características xerais e repertorio violinístico.

Tema 19: A moderna escola de Viena. Características do estilo e escritura instrumental do repertorio violinístico. Compositores da primeira metade do S XX.

Tema 20: Características do estilo e escritura instrumental do repertorio para violín so: Bach, Paganini, Ysaye, etc."

SEGUNDO: Publicar as bases integras no Taboleiro de Anuncios e páxina web do Concello, e en diarios de gran difusión ."

E para que así conste e coa salvedade do artigo 206 do ROF, expido e asino a presente de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde,

En Monforte de Lemos na data da sinatura dixital.





Vº e Pce.
O ALCALDE

CSV: 07E50007BF6400B2W2V4R9H7S2



DOCUMENTO
FIRMADO
DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E50007BF6400B2W2V4R9H7S2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 30/08/2021
JOSE TOME ROCA-Alcalde - Presidente - 31/08/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 31/08/2021 08:34:30

DOCUMENTO: 20210507748

Fecha: 31/08/2021

Hora: 08:34





FIRMANTE - FECHA

JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 30/08/2021
JOSE TOME ROCA-Alcalde - Presidente - 31/08/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 31/08/2021 08:34:30

DOCUMENTO: 20210507748

Fecha: 31/08/2021

Hora: 08:34

